

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 10 – Decembro 2014

Novidades | Symbios na Conferencia Final de Philoxenia Plus



Na Conferencia final do proxecto europeo Philoxenia -sobre políticas de acollida a novos habitantes no medio rural- o xefe do Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios da Xunta de Galicia, Carlos Santos, presentou o Proxecto Symbios e algunhas das iniciativas estudadas. As presentacións están accesibles [aquí](#). Ler máis [na web](#).

Recursos Symbios



Humor


Factores de oportunidade e acollida de novos habitantes no medio rural.

[Ler máis na web](#)



Reserva as datas

Os días 27 e 28 de maio de 2015 Symbios celebrará o seu seminario final.



Éxito da consulta

Alto grao de resposta á consulta técnica ás corporacións locais galegas sobre os retos do cambio demográfico.

[Ler máis na web](#)

Materials



Documentos Euromontana

Pódense consultar os documentos da última Convención de Euromontana sobre valorización do medio.

[Ler máis na web](#)

Novo estudo Symbios

Sobre o cambio demográfico, a sociedade do coñecemento e o futuro dos servizos públicos en Galicia, xa na web.

[Ler máis na web](#)

Guía metodolóxica

Consulta a guía sobre políticas de acollida de novos habitantes no rural, de Philoxenia Plus.

[Ler máis na web](#)

A entrevista. Maruxa Bardasco Pérez. Cáritas e CDR Ancares.



Que tipo de elementos deben existir na intervención social na montaña, que sexan diferentes respecto doutras áreas rurais?

As principais diferenzas entre a montaña e o resto das zonas rurais é o illamento, moito máis acusado. Por iso deben aplicarse medidas compensatorias ou de reforzo, é dicir, unha discriminación positiva que mitigue ese efecto negativo do illamento. Estas medidas deben ser de achegamento de servizos, e non de expulsión de poboación. Por desgraza, a maior parte das medidas existentes agora expulsan a poboación, colocando os servizos fóra. A intervención na montaña debe facerse desde a montaña, á medida da xente e do territorio, escoitando as necesidades e respectando os dereitos, como o dereito das persoas maiores a permanecer nas súas casas. Non é una cuestión de custos, xa que co gasto dunha residencia fóra, manteríanse moi dignamente as persoas nas súas casas, creando ademais postos de traballo na montaña. É unha cuestión de escoitar as persoas e deseñar as medidas contando con elas.

Cal pode ser o potencial das NTICs para a vida das persoas en áreas con moita dispersión e illamento?

As novas tecnoloxías son imprescindibles para manterse en conexión co mundo, sobre todo para a xente nova e os nenos, pero tamén para o conxunto da poboación. Non ter acceso a esas tecnoloxía convértese nun factor de illamento engadido. Nestas áreas imos sempre por detrás doutras zonas, como as urbanas, e tratar de acceder a estas tecnoloxías ten sempre un sobrecusto, o que se converte nun lastre máis destes territorios.



Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)